

Saida Nº: 201100019094
14/06/2011 10:47:36

**RESOLUCIÓN RETORAL DO 14 DE
SETEMBRO DE 2011 DA UNIVERSIDADE
DE VIGO POA QUE SE MODIFICA A
CONVOCATORIA DE BOLSAS ERASMUS
PARA O CURSO 2011-12**

Unha vez publicada a Resolución Retoral de 8 de febreiro de 2011 pola que se abría a convocatoria de bolsas Erasmus para o curso académico 2011-12 e unha vez asinado o contrato de subvención para a mobilidade Erasmus entre a Universidade de Vigo e o Organismo Autónomo de Programas Educativos Europeos (OAPEE), esta Reitoría

RESOLVE

Modificar o importe consignado para financiar as bolsas Erasmus establecido no punto 3.1. da Resolución Retoral de 8 de febreiro de 2011, un total de 598.500 euros en lugar de 700.000 euros como aparecía na mencionada resolución.

Contra esta Resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, o interesado poderá optar por interpoñer conta esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non caberá a interposición do recurso contencioso-administrativo antes citado, namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.



DILIXENCIA para facer constar que esta Resolución publicase con esta data/no boletín desta Universidade.
Vigo, 14 de setembro de 2011

[Signature]
Secretaría do Reitor de Relacións Internacionais
Pilar Quinés Salgado

